

PRESENTACIÓN DO INFODAY DA EIT HEALTH CELEBRADO HOXE EN SANTIAGO CON INFORMACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS DE APOIO A EMPRENDEDORES 2023

- EIT Health é o maior organismo europeo para a innovación en saúde e ten como misión acelerar o emprendemento e a innovación en vida saudable e envellecemento activo, proporcionando novas oportunidades e recursos para o beneficio de todos os cidadáns.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023.- No día de hoxe tivo lugar na Aula Magna do Edificio Profesor Novoa Santos do Hospital Clínico Universitario de Santiago unha xornada informativa sobre os diferentes instrumentos de financiamento e soporte ao emprendemento, organizada pola EIT Health en colaboración coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

O acto comezou coa benvida institucional por parte da xerente da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, **Eloína Núñez Masid**, e do xerente da ACIS, **Antonio Fernández-Campa**, na que ambos animaron aos presentes a participar nos diferentes programas e destacaron a aposta pola investigación e innovación en saúde.

A primeira das presentacións correu a cargo do doutor **Máximo Fraga**, director do BioBanco do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Nela introduciu o que é o Biobanco, como funciona e cales son as principais aplicacións para os investigadores e empresas. Ademais, resaltou o carácter solidario (xa que as mostras e tecidos recollidos proveñen de pacientes que deron o seu consentimento) e explicou como os cidadáns podemos contribuír na recolección de mostras biolóxicas. Finalmente, puxo en valor á Rede Galega de Biobancos e ao Biobanco Nacional do Instituto de Saúde Carlos III (BBN-ISCIII).

A continuación, **Joan Grasas**, líder de emprendemento da EIT Health presentou os principais programas de aceleración que se están a ofrecer na actualidade dende a organización europea.

A última das intervencións foi a de **María de la Fuente**, CEO e Cofundadora de Diversa Technologies. Nesta spin-off biotecnolólica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela e do SERGAS tratan de superar as barreiras biolóxicas para producir produtos farmacéuticos eficientes a través de elaboración de formulacións. Ao longo da súa presentación, relatou o xurdimento desta idea de emprendemento científico, a labor que están a desenvolver e como a participación en programas de asesoramiento como os de EIT Health contribuíron á expansión e internacionalización de Diversa.

MÁS INFORMACIÓN

Presentación
InfoDay
programas 2023

Contactar coa EIT
Health para máis
información

EIT Health

CONTIDOS RELACIONADOS

Participa na
xornada
informativa sobre
os diferentes
instrumentos de
financiación e
soporte ao
emprendemento
que ten
dispoñibles EIT
Health en 2023

Instituto Europeo
de Innovación e
Tecnoloxía (EIT) -
EIT Health Spain

PRINCIAIS PROGRAMAS DE ACELERACIÓN ACTUALMENTE EN MARCHA DA EIT HEALTH

Women Entrepreneurship Bootcamp: Formación en empresa e finanzas para start-ups lideradas ou cofundadas por mulleres

<https://eithhealth.eu/programmes/women-entrepreneurship-bootcamp/>

MedTech Bootcamp: Mentoring para emprendedores, start-ups e pemes de

MedTech ou Digital Health

<https://eithealth.eu/programmes/medtech-bootcamp/>

Catapult: Programa de asesoramento para acceso ao financiamento de start-ups ou spin-offs con menos de 50 empregados

<https://eithealth.eu/programmes/catapult/>

Bridgehead: Programa de asesoramento para acceder ao mercado europeo dirixido a start-ups con menos de 250 empregados con produtos innovadores dentro do marco do Biotech, Medtech ou Digital Health

<https://eithealth.eu/programmes/bridgehead/>

Patient Innovation Bootcamp: Mentoring e formación para equipos con ideas innovadoras que incorporen polo menos un paciente ou coidador informal

<https://eithealth.eu/programmes/patient-innovation-bootcamp/>

Regulatory Pathways to Market Bootcamp: Programa online sobre reembolsos para emprendedores, start-ups e pemes de MedTech ou Digital Health

<https://eithealth.eu/programmes/regulatory-pathways-bootcamp/>

User Validation Labs: Programa dirixido a empresas cun producto ou servizo en desenvolvemento (non comercializado)

<https://eithealth.eu/programmes/ulabs/>

Mentoring and Coaching Network: Mentoring e asesoramento para empresas do sector sanitario que se atopen desenvolvendo produtos innovadores

<https://eithealth.eu/programmes/mentoring-and-coaching-network/>

Gold track: Mentoring dirixido a empresas do sector sanitario con ambición de expansión global

<https://eithealth.eu/programmes/gold-track/>

Venture Centre of Excellence: Programa de asesoramento para acceso á financiación para start-ups da rede European Life Science

<https://eithealth.eu/programmes/venture-centre-of-excellence/>

Innostars Awards: Mentoring e formación para spin-offs e start-ups de países que pertenzan ao EIT RIS con produtos ou servizos que non están no mercado

<https://eithealth.eu/programmes/innostars-awards/>

Habilitouse un formulario web para solicitar asesoramento sobre os distintos programas da EIT Health:

<https://forms.monday.com/forms/8e379112999d8a49e0f77e4766e48273?r=use1>

Para máis información visitar a páxina web da EIT Health:

<https://eithealth.eu/>